

## A NOITE SEN RECORDOS

Que pasou alí realmente?

Esa pregunta roldaba pola cabeza de Valeria. Non recordaba nada da noite anterior, só saír da súa casa xunto coa súa curmán. Logo todo estaba borroso.

Á mañá seguinte espertara nunha habitación de hotel. Ao saír desta, deuse de conta que non era un hotel, senón que era una casa descoñecida para ela. Ao levantarse sentiuse mazada e sufriu un leve mareo, mirouse a un espello e tiña varios negróns polo corpo.

Que pasara esa noite? Onde estaba? De quen era a casa? Eran preguntas sen respostas para ela. Nada podía ir a peor pensaba.

Seguiu a buscar pola habitación por se descubría de quen era, pero en vez diso encontrou unha arma. Asustouse un pouco cando a descubriu, non porque nunca vira unha, ela mellor que ninguén sabía usala, senón porque a persoa coa que estaba podía usala contra ela. Non estaba segura alí.

María Bernárdez González 2ºD